

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 24.09.2020 Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 24 de setembro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia conforme ao establecido na resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986.

Punto 2. Preguntas

2.1 450 (11/POC-000003)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio
Sobre a situación da atención sanitaria na comarca do Salnés/Arousa, así como sobre a súa dotación de persoal e centros de saúde
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 4, do 19.08.2020

2.2 504 (11/POC-000009)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria
Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego diante da evolución da covid-19 en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 9, do 02.09.2020

2.3 725 (11/POC-000051)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Porro Martínez, María Corina e 6 máis
Sobre a interlocución que está a manter a Consellería de Sanidade coas corporacións locais máis afectadas pola evolución da pandemia da covid-19
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 9, do 02.09.2020

2.4 983 (11/POC-000141)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre o grao de incorporación de Galicia ao sistema tecnolóxico de rastrexo a través da App Radar Covid, así como sobre a valoración do Goberno galego respecto da súa posta en funcionamento polo Goberno central e a súa coordinación coas comunidades autónomas



Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11, do 04.09.2020

- 2.5 1173 (11/POC-000180)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego do actual modelo de centros residenciais para persoas maiores e as súas previsións respecto da súa modificación co fin de garantir o dereito a unha vellez digna
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 12, do 08.09.2020

Punto 3. Proposición non de lei

- 3.1 795 (11/PNC-000048)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Porro Martínez, María Corina e 13 máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España da reactivación dos traballos para lograr a aprobación inmediata do documento final da Estratexia nacional fronte ao reto demográfico
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 9, do 02.09.2020

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2020

María Corina Porro Martínez
Presidenta da Comisión

María
Corina
Porro
Martínez

Firmado digitalmente por
María Corina Porro Martínez
Nombre de reconocimiento
(DN): cn=María Corina Porro
Martínez ,
email=corina.porro.gonzalez
@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2020.09.17 12:58:45
+02'00'



Asinado dixitalmente por:

María Corina Porro Martínez na data 17/09/2020 12:58:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 17/09/2020 13:04:18
Nº Rexistro: 362
Data envío: 17/09/2020 13:04:18.487

CSV: REXISTRO5FvRggPSy9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

María Corina Porro Martínez

P

Vicepresidente

Miguel Ángel Tellado Filgueira

P

Secretaria

Iria Carreira Pazos

BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz

P

María Elena Candia López

P

Marina Ortega Otero

S

José Alberto Pazos Couñago

P

Noelia Pérez López

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

Olalla Rodil Fernández

BNG

María Elena Suárez Sarmiento

P

Julio Torrado Quintela

S

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 24.09.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia conforme ao establecido na resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986.

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 24.09.2020

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 24.09.2020

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 450(11/POC-000003)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a situación da atención sanitaria na comarca do
Salnés/Arousa, así como sobre a súa dotación de persoal e
centros de saúde

Publicación da iniciativa, 4, 19.08.2020



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2020 10:20:42
Nº Rexistro: 450
Data envío: 12/08/2020 10:20:42.057

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A atención primaria do sistema sanitario público de Galicia vén sendo obxecto de debate e controversia por parte de colectivos de profesionais e usuarios que, de maneira crecente, advirten nos últimos anos da perda de capacidade asistencial de calidade pola saturación de profesionais, a ausencia de coberturas ante baixas e vacacións do persoal e a ausencia de coordinación e dotación de materiais axeitados.

En termos de infraestruturas a realidade non é mellor, pois son numerosas as queixas sobre o estado de mantemento de moitos centros de saúde da rede galega, e acumúlanse as necesidades tamén sobre novas infraestruturas, existindo unha política errática por parte do Goberno de Galicia. As numerosas promesas feitas repetidamente non terminan por concretarse, e a realidade é que o sistema avanza sen dirección real e afundindo nas preocupacións habituais.

A pandemia provocada pola COVID elevou estas necesidades a un nivel de urxencia inaprazable, debido á exposición que sufriu o persoal e os centros de saúde, non contando con coordinación nin aportación de información nin materiais axeitados por parte do SERGAS.

A comarca de O Salnés / Arousa é paradigmática desta situación, sendo unha das comarcas con peores ratios de cobertura de profesionais por baixas ou vacacións en toda Galicia, e sendo isto máis notorio durante os meses de verán onde se producen máis problemas para esta cobertura e tempo no que esta zona de Galicia acumula un aumento notorio de visitantes. Existen problemas constatados sobre esta realidade en, practicamente, todos os centros de saúde da comarca, especialmente en aqueles de menor volume de persoal onde a falta de substitucións fai máis notorio o problema.

Ademais dos problemas de persoal, moi relevantes nesta comarca, as infraestruturas adoecen dun investimento imprescindible. Varias son as demandas dun novo centro de saúde, como a eterna negativa do Goberno autonómico de afrontar as posibilidades dun novo centro en Vilagarcía, onde existen mecanismos para dispor dun solar axeitado e a reducido custe por ser de





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2020 10:20:42
Nº Rexistro: 450
Data envío: 12/08/2020 10:20:42.057

titularidade pública. No Grove existe un problema de características semellantes, onde a consellería viuse forzada a comprometer un investimento para un novo centro de saúde que terminou por quedar paralizado. En Meis, ante a mesma necesidade, non existen noticias ao respecto. Incluso na veciña Caldas o Concello leva ofertados ata 6 solares distintos nos últimos anos, recibindo negativas e escusas diversas por parte do Goberno da Xunta de Galicia.

Ante esta realidade, e dada a afectación e a preocupación que produce a COVID entre a cidadanía e a implicación da atención primaria na súa prevención e seguimento, é necesario afrontar un reforzo do sistema sanitario, especialmente da atención primaria, que permita planificar a nova realidade que necesita de mecanismos de capacidade asistencial efectivos.

Polo exposto, o deputado asinante formula as seguintes preguntas:

- 1.ª) Como valora o Goberno da Xunta de Galicia a situación da atención sanitaria na comarca de O Salnés / Arousa?
- 2.ª) Considera a Xunta de Galicia que a dotación de persoal e as substitucións necesarias son cubertas de maneira eficiente por parte da dirección da Consellería de Sanidade?
- 3.ª) Cre a Xunta de Galicia que a dotación de centros de saúde é axeitada na comarca de Arousa? Ten a consideración o Goberno de Galicia de que faga falta implementar novos centros de saúde nos concellos da comarca de O Salnés / Arousa?

Pazo do Parlamento, 12 de agosto de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/08/2020 10:11:26



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 24.09.2020

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 504(11/POC-000009)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego
diante da evolución da covid-19 en Galicia

Publicación da iniciativa, 9, 02.09.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2020 12:20:56
Nº Rexistro: 504
Data envío: 18/08/2020 12:20:56.549

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa as medidas a tomar diante da evolución da COVID-19 en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos da evolución da COVID-19 en Galiza non fan máis que aumentar a preocupación. A expansión de novos gromos indica que o virus está a tomar a dianteira.

Aumentan os gromos, os positivos, as persoas hospitalizadas, os contactos dos positivos que teñen que illarse, confinarse nos seus domicilios. Infelizmente de novo hai persoas falecidas.

De seguir esta progresión todo indica que en pouco tempo estaremos en termos similares aos da fase máis crítica.

Existe polo tanto preocupación pola evolución en todo o país, mais especialmente na Área metropolitana da Coruña, onde o número de contaxios é preocupantemente ascendente.

Hai expertos que teñen advertido que os contaxios nesta Área están empezando a descontrolarse e seguen unha progresión xeométrica, cun ritmo de contaxios similar ao de marzo e abril.

CSM-REXISTROFEG-HBUT
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitas/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2020 12:20:56
Nº Rexistro: 504
Data envío: 18/08/2020 12:20:56.549

Precisamente na Coruña púxose en marcha no mes de abril un proxecto de investigación entre a empresa de depuración de augas da Coruña EdarBens S.A, e a Universidade da Coruña. O proxecto consiste en crear un modelo para realizar a análise da carga viral presente nas augas residuais que recolle a depuradora de Bens, que permite vixiar a epidemia e controlar posíbeis brotes.

Esta información facilita detectar con antelación os gromos, xa que permite anticiparse, porque determina a carga viral aínda que as persoas sexan asintomáticas. Información valiosa para prever, acoutar e conter os gromos de coronavirus o antes posíbel. Segundo a información que nos chega, os datos que está arroizando son moi preocupantes, indicando un número de contaxios moi elevado.

Diante desta situación a Xunta de Galiza non poden seguir mantendo a opacidade, a falta de transparencia. É preciso que informe de cal é a situación, cal é a evolución da pandemia e que medidas ten posto en marcha.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Cal é a planificación para deter a cadea de contaxios da nova onda da COVID-19 ?

-Os brotes están localizados, controlados os positivos e os contactos ou hai transmisión comunitaria?

-Como se están realizando os rastrexos, por quen, cal é o número de persoas que están realizando esta labor, son profesionais da sanidade pública ou pertencen a unha





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2020 12:20:56
Nº Rexistro: 504
Data envío: 18/08/2020 12:20:56.549

empresa privada, de ser así cal, que tipo de formación e cualificación teñen, que datos manexan, que tipo de coordinación se realiza cxs profesionais de Atención Primaria?

-Que datos de carga viral está mostrando a investigación das augas residuais da Coruña, que se puxo en marcha no mes de abril entre a empresa de depuración de augas da Coruña EdarBens S.A, e a Universidade da Coruña?

-En que datas ten coñecemento a Xunta dos mesmos e que actuacións ten realizado tras coñecer a información dos mesmos?

-Vai proceder á realización de probas masivas para detectar a presenza de COVID-19 e así poder deseñar as estratexias de actuación, tanto de illamento, como de protección e necesidades de recursos?

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/08/2020 12:17:20

CSV REXISTRO: R04FEG4HBUT
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 18/08/2020 12:20:56

Nº Rexistro: 504

Data envío: 18/08/2020 12:20:56.549

Iria Carreira Pazos na data 18/08/2020 12:17:30

CSV REXISTRO: EG4HBUT
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 24.09.2020

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 725(11/POC-000051)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Porro Martínez, María Corina e 6 máis

Sobre a interlocución que está a manter a Consellería de Sanidade coas corporacións locais máis afectadas pola evolución da pandemia da covid-19

Publicación iniciativa vía urxencia, 9, 02.09.2020

Á Mesa do Parlamento

María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Elena Candia López, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus COVID-19 a nivel de pandemia internacional. Esta expansión está a xerar unha crise sen precedentes recentes na saúde pública que afecta todos os sectores e individuos. As distintas administracións, organismos e institucións, nacionais e internacionais, tiveron que adoptar medidas drásticas e urxentes para a prevención e loita contra esta pandemia.

En España, o primeiro caso de COVID-19 foi detectado a finais do mes de xaneiro e dende entón, o número de contaxios aumentou de maneira progresiva e a gran velocidade o que deu orixe a unha crise sanitaria sen precedentes que requiriu a adopción de medidas excepcionais co obxectivo de protexer a saúde e a seguridade da cidadanía, conter o progreso da enfermidade e mitigar o impacto sanitario. Con esta finalidade, o pasado 14 de marzo declarouse o Estado de Alarma en España. Un día antes da declaración do Estado de Alarma, o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, declaraba a situación de emerxencia



sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia o que obrigou a adoptar unha serie de medidas transitorias dirixidas a garantir ao mesmo tempo, a seguridade dos profesionais sanitarios e dos pacientes mantendo en todo momento, o correcto equilibrio no exercicio de dereitos e obrigas da cidadanía galega.

A Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, prevé, no seu artigo primeiro, que co obxecto de protexer a saúde pública e previr a súa perda ou deterioración, as autoridades sanitarias das distintas administracións públicas poderán, dentro do ámbito das súas competencias, adoptar as medidas previstas na dita lei cando así o exixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade.

Neste tempo, a situación sanitaria nas comarcas das áreas da Mariña e da Coruña requiriron a toma dunha serie de medidas que se aplicaron a través de Ordes ditadas pola Consellería de Sanidade previa consulta do Comité Clínico creado para o seguimento desta pandemia e sobre cuxo contido tamén foron puntualmente informados os responsables das alcaldías dos concellos afectados.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

Que interlocución está a manter a Consellería de Sanidade coas corporacións locais máis afectadas pola evolución da pandemia da COVID-19?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

María Corina Porro Martínez na data 25/08/2020 17:28:26

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 25/08/2020 17:28:40

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/08/2020 17:28:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 725
Data envío: 25/08/2020 17:38:43.856

María Elena Candia López na data 25/08/2020 17:29:09

José Alberto Pazos Couñago na data 25/08/2020 17:29:25

Noelia Pérez López na data 25/08/2020 17:29:33

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/08/2020 17:29:44



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 24.09.2020

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 983(11/POC-000141)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre o grao de incorporación de Galicia ao sistema tecnolóxico de rastrexo a través da App Radar Covid, así como sobre a valoración do Goberno galego respecto da súa posta en funcionamento polo Goberno central e a súa coordinación coas comunidades autónomas

Publicación da iniciativa, 11, 04.09.2020



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2020 13:11:14
Nº Rexistro: 983
Data envío: 27/08/2020 13:11:14.466

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O mércores 19 de agosto o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde aprobou un acordo para que as comunidades autónomas puidesen incorporarse ao sistema tecnolóxico de rastrexo a través da APP desenvolvida polo Ministerio de Sanidade, Radar Covid. Foi notificado que algunhas comunidades autónomas realizaron axilmente o traballo e xa estaban operativas, mentres que outras estarían por facelo en breve tempo. Algunhas demorarían máis, tomando como referencia finais do mes de setembro pero sen poder aclarar máis, para non introducir elementos de tensión da coordinación do Ministerio coas comunidades autónomas.

Galicia non explicou, nin antes nin despois, a súa posición respecto da incorporación a esta ferramenta tecnolóxica. Algunhas informacións de medios de comunicación apuntaron recentemente a que a Xunta de Galicia non estaba desenvolvendo o traballo necesario para coordinarse coas demais comunidades autónomas e incorporarse a esta rede estatal.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Está Galicia incorporada de maneira plena ao sistema tecnolóxico de rastrexo a través da APP Radar Covid como xa foi coñecido que están outras comunidades autónomas de España?
2. Cal é a situación en que se atopa o traballo para que galegos e galegas poidan utilizar de maneira efectiva a APP Radar Covid en plenitude de funcións e utilidades?

CSX: REXISTROnKofwVtdK5
Comisión 5.ª
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2020 13:11:14
Nº Rexistro: 983
Data envío: 27/08/2020 13:11:14.466

3. Como valora o Goberno de Galicia a iniciativa do Goberno de España de poñer en funcionamento a APP Radar Covid e coordinala con todas as comunidades autónomas para que poida ser unha ferramenta útil de rastrexo tecnolóxico contra a COVID?

Pazo do Parlamento, 27 de agosto do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/08/2020 13:07:44

Marina Ortega Otero na data 27/08/2020 13:07:52



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 24.09.2020

Hora: 10:30

Orde do día

2.5 1173(11/POC-000180)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do actual modelo de centros residenciais para persoas maiores e as súas previsións respecto da súa modificación co fin de garantir o dereito a unha vellez digna

Publicación da iniciativa, 12, 08.09.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2020 12:50:29
Nº Rexistro: 1173
Data envío: 01/09/2020 12:50:29.876

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o modelo de residencias existente en Galiza e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise orixinada pola pandemia da COVID-19 fixo emerxer con toda crueza a situación de deterioro, de recortes, de deficiencias e de privatización das residencias de maiores e persoas con discapacidade en Galiza.

Unha situación que se amosou agora, centrando a atención pública polas dramáticas cifras de contaxios e falecementos por coronavirus, mais que é anterior a esta pandemia e que foi denunciada en múltiples ocasións polo Bloque Nacionalista Galego.

Cómpre lembrar que no seu último informe, publicado en 2018, o Consello de Contas situou o número de prazas residenciais en Galiza por baixo das recomendacións da Organización Mundial da Saúde (OMS). Fronte ás 5 prazas por cada 100 persoas maiores de 65 anos recomendadas, no noso país hai 3,1 sendo, ademais, a maior parte delas privadas. Das máis de 21 mil prazas residenciais existentes en Galiza, só 8.154 son públicas.

CSM-REXISTRO00-vfjmskH5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
go-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2020 12:50:29
Nº Rexistro: 1173
Data envío: 01/09/2020 12:50:29.876

Así pois, a situación dos centros residenciais non é nova nin foi provocada pola COVID-19 senón que o virus puxo ao descuberto as consecuencias dun modelo no que a atención ás persoas maiores en Galiza está ao servizo de empresas privadas que converten a vellez nun negocio moi lucrativo.

Para o Bloque Nacionalista Galego a atención ás persoas maiores en espazos residenciais diferentes aos seus domicilios debe garantir os dereitos das persoas usuarias procurando o benestar e o coidado destas e non a rendibilidade económica.

Após o acontecido, fica claro que a pandemia provocada pola COVID-19 debe significar un punto de inflexión que deixe atrás o actual modelo para construír un novo asentado no carácter público destes centros, a súa xestión directa, e a suficiencia nos recursos económicos, materiais e humanos precisos. Isto é, pasar dun modelo residencial privatizador a un servizo público centrado nas persoas, próximo, dimensionado, que favoreza a convivencia e a intervención adaptada ás persoas usuarias.

Por todo o exposto anteriormente presenta a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 5ª:

- Como valora a Xunta de Galiza o actual modelo de centros residenciais para maiores?
- Cre o Goberno galego que o número de prazas públicas son suficientes?



CSV REXISTRO00WfJmskH5

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2020 12:50:29
Nº Rexistro: 1173
Data envío: 01/09/2020 12:50:29.876

- Cre a Xunta de Galiza que se garanten o servizo público e os dereitos das persoas usuarias nun modelo no que a maior parte das prazas residenciais son privadas?

- Pensa a Xunta de Galiza mudar o actual modelo de centros residenciais no noso país para garantir o dereito a unha vellez digna?

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 01/09/2020 12:46:21

Iria Carreira Pazos na data 01/09/2020 12:46:25

Olalla Rodil Fernández na data 01/09/2020 12:46:34

CSV REXISTRO00WfJmskH5
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 24.09.2020

Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposición non de lei

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 24.09.2020

Hora: 10:30

Orde do día

3.1 795(11/PNC-000048)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Porro Martínez, María Corina e 13 máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España da reactivación dos traballos para lograr a aprobación inmediata do documento final da Estratexia nacional fronte ao reto demográfico

Publicación iniciativa carácter urxencia, 9, 02.09.2020

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados **María Corina Porro Martínez, José Manuel Rey Varela, Miguel Angel Tellado Filgueira, Marisol Díaz Mouteira, María Encarnación Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, María Elena Candia López, Marta Fernández-Tapias Núñez, Alberto Pazos Couñago, Álvaro Pérez López, Noelia Pérez López, Paula Prado del Río, Antonio Rodríguez Miranda, María Elena Suárez Sarmiento** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego polo trámite de urxencia**.

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión

Exposición de Motivos:

En xaneiro de 2017, o entón Presidente do Goberno de España, Mariano Rajoy, convocou unha Conferencia de Presidentes Autonómicos na que se incluíu como un dos temas fundamentais a tratar un longamente reclamado pola Xunta de Galicia: a necesidade de formular unha política transversal a nivel estatal para afrontar os desafíos sociais, financeiros e territoriais derivados da caída da poboación, do envellecemento e da despoboación dos entornos rurais.



A dita conferencia acordou a posta en marcha dunha Estratexia Nacional fronte ao Reto Demográfico liderada polo Goberno de España pero tendo en conta tamén as propostas dos gobernos autonómicos e das distintas comisións de estudo creadas nos órganos lexislativos. Só unha semana despois, o Consello de Ministros aprobou a creación do Comisionado do Goberno fronte ao reto demográfico, así como a súa estrutura; un departamento ao que lle encomendou a elaboración da Estratexia Nacional acordada pola Conferencia de Presidentes.

Só un mes despois, a Comisionada mantivo unha reunión coa Xunta de Galicia para coñecer as súas propostas, iniciando así unha rolda de contacto cos gobernos autonómicos que se compaxinou coa constitución e reunións do grupo de traballo interministerial ao seu cargo.

A mediados de 2018, o cambio no Goberno de España levou aparellada unha substitución na figura do Comisionado. Unha nova Comisionada retomou as reunións. Iso si, a súa relación de actos publicada na web do Ministerio de Política Territorial e Función Pública só recolleencontros con membros de gobernos autonómicos do PSOE (Extremadura, Asturias e, daquela, Andalucía).

A partires do inicio de 2019 desaparecen as reunións institucionais e co tecido asociativo para encherse dita axenda de participación en xornadas e entrevistas en medios de comunicación.

Outro indicativo da perda de interese sobre o reto demográfico por parte de determinadas forzas políticas foi a ausencia de PSOE do debate de aprobación de do informe final da Comisión sobre a Evolución Demográfica en España, unha das mencionadas no mandato da Conferencia de Presidentes como fontes básicas das medidas da futura Estratexia Nacional. Na sesión final desta Comisión, o 22 de febreiro de 2019, o PSOE, que nin sequera presentara proposta algunha para o informe final, decidiu ausentarse da votación das restantes propostas (das que preto dun centenar partían do Grupo Popular).



En marzo de 2019, o Consello de Ministros aprobou unhas “directrices” da Estratexia Nacional, sen contido nin dotación orzamentaria, pero nada segue sen saberse do documento final da Estratexia. Para maior preocupación, nese mesmo mes produciuse o cesamento da Comisionada e o cargo pasou case un ano vacante.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de Lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a reactivación dos traballos para lograr a aprobación inmediata do documento final da Estratexia Nacional fronte ao Reto Demográfico”.

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 11:23:13

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 11:23:38

José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 11:23:55

Miguel Angel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 11:24:24

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 11:25:00

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 11:25:18

Raquel Arias Rodríguez na data 26/08/2020 11:25:46

María Elena Candia López na data 26/08/2020 11:26:15

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2020 11:40:59
Nº Rexistro: 795
Data envío: 26/08/2020 11:40:59.868

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 11:26:45

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 11:27:10

Álvaro Pérez López na data 26/08/2020 11:27:22

Noelia Pérez López na data 26/08/2020 11:27:41

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 11:28:10

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 11:28:32

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 11:28:50



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

